



Contrato de cesión de determinados dereitos de autor á Universidade de Santiago de Compostela para a difusión da Tese de Doutoramento

En _____, a _____ de _____ de _____

O RD 1393/2007, no seu artigo 21.8, indica que "una vez aprobada la tesis doctoral, la Universidad se ocupará de su archivo y remitirá un ejemplar de la misma, así como de la información necesaria, al Ministerio [con atribuciones en ciencia y universidades] a los efectos oportunos". Desde xuño de 2008 este Ministerio puxo a disposición unha nova aplicación informática TESEO para recoller a información que precisa en relación coas teses de doutoramento defendidas nas universidades españolas. Esta iniciativa debe entenderse que é a canle para cumprimentar o previsto no mencionado Real Decreto. Esta canle contempla a posibilidade de difusión vía internet das teses defendidas e aprobadas, sempre e cando medie a autorización por parte do/a autor/a.

Ademais, a Universidade de Santiago de Compostela ten a posibilidade de difusión do contido das teses de doutoramento, previa autorización do/a autor/a. Esta posibilidade pódese facer efectiva tanto a través do exemplar impreso que queda depositado na Biblioteca da Universidade como na versión en soporte dixital que debe ser depositada na Universidade.

O presente documento é o contrato de cesión para a difusión dos contidos dunha tese de doutoramento tanto por parte do Ministerio do Goberno de España con atribucións no ámbito de Ciencia e Universidades como por parte da Universidade de Santiago de Compostela.

Reunidos

Dunha parte o reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, actuando no seu nome, en virtude das facultades que lle confire a Lei orgánica 6/2001 de universidades, do 21 de decembro e do Decreto



28/2004, do 22 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da USC e en execución do RD 1393/2007.

Doutra parte, D. / dona (en adiante, "O AUTOR") con CIF e domicilio en (indicar domicilio completo).

Todas as partes recoñécense mutuamente capacidade legal para contrataren e para obrigárense na calidade na que actúan e, para tal efecto,

Manifestan

PRIMEIRO.- Que o autor é titular dos dereitos de explotación da Tese de Doutoramento denominada (a partir de agora "Tese de Doutoramento"), a través de calquera medio, e en particular, a través da Internet.

SEGUNDO.- Ámbas as dúas partes están interesadas en subscribiren un contrato que regulará a cesión por parte do Autor á USC dos dereitos de transformación, reprodución, e comunicación pública da Tese de Doutoramento unicamente para os usos que se especifican nel.

E, en virtude de todo isto, as partes formalizan o presente Contrato en base ás seguintes

Cláusulas

1. Obxecto do Acordo

1.1. O autor cede á USC durante o período de vixencia do presente Contrato, de balde e con fins exclusivamente de investigación e docencia, os dereitos de transformación, reprodución e comunicación pública, da Tese de Doutoramento, unicamente para:

- Transformar ou adaptar a Tese de Doutoramento, sexa directamente ou a través de terceiros, cando isto se considere necesario para adecuar ao formato, imaxe ou aparencia de Internet ou calquera outra tecnoloxía susceptible de adscrición en Internet; así como incorporar calquera outro sistema de seguridade no formato electrónico da Tese de Doutoramento. A transformación non suporá modificación dos contidos da tese.



- Reproducir a Tese de Doutoramento, de forma total ou parcial, nun soporte dixital para a súa incorporación nunha base de datos electrónica, comprendido o dereito a almacena-la Tese de Doutoramento en centros servidores, así como o dereito a realizar calquera outra reprodución temporal necesaria para permitir aos usuarios a visualización, reprodución ou gravación no disco duro do ordenador ou en soporte papel da Tese de Doutoramento, para o seu uso privado e/ou con fins de estudo e investigación.
- A comunicación pública ou posta a disposición, total ou parcial, da Tese de Doutoramento, na modalidade de demanda ou á carta, tanto da versión impresa, a través da Biblioteca Xeral da USC, como da versión dixital, a través de calquera canal con fíos, sen fíos, ou dirixido a calquera destino da información que sexa susceptible de adscrición en Internet (por exemplo, a telefonía móbil - protocolo WAP "Wireless Access Protocol"- ou UMTS ou outros medios análogos, como os medios televisivos e de radiodifusión coa televisión dixital ou por cable cando sexa difundida a través de Internet).

1.2. Para facer efectiva a cesión dos dereitos establecidos na cláusula 1.1. o autor entregará á USC, en soporte electrónico ou papel, segundo corresponda, a seguinte documentación:

- Un documento no que consten os datos necesarios para a identificación da Tese de Doutoramento, segundo o modelo que figura no Anexo I.
- Un exemplar completo da Tese de Doutoramento, en formato dixital, de acordo coas especificacións técnicas descritas no Anexo II.
- Un exemplar completo da Tese de Doutoramento, impreso e encadernado.

1.3. Explicitamente o autor autoriza a difusión da tese a través dos medios que para tales efectos poida prever o Ministerio responsable do ensino superior.

1.4. O autor autoriza expresamente á USC para ceder, no seu caso, os dereitos obxecto do presente Contrato ás entidades coas que a USC estableza convenio de colaboración para difundir as teses.

1.5. A cesión efectúase co carácter non exclusivo. Dada a natureza intrinsecamente transfronteiriza do medio utilizado pola USC para a difusión do seu fondo dixital, a cesión terá eficacia a nivel mundial.



2. Garantías

2.1. O autor garante que é titular dos dereitos de propiedade intelectual, obxecto do presente Contrato, en relación coa Tese de Doutoramento e que, en consecuencia, está en plenas facultades para subscribir coa USC o presente Contrato, e que o establecido neste documento non infrinxe ningún dereito de terceiros, sexa a propiedade industrial, intelectual, secreto comercial ou calquera outro.

2.2. Sen prexuízo de calquera outro dereito que lle poida corresponder, a USC poderá dar por resolto o presente Contrato no caso de que un terceiro faga prevalecer calquera dereito sobre toda ou parte da Tese de Doutoramento e/ou o autor non poida garantir o exercicio pacífico dos dereitos que son cedidos á mesma en virtude deste Contrato.

2.3. Ambas as partes comprométese a comunicar á outra, cando chegue ao seu coñecemento, a existencia de calquera reclamación dun terceiro relacionada coa Tese de Doutoramento.

3. Duración

O contrato terá efectos dende o día da súa firma. A cesión posúe carácter de balde e terá a duración correspondente ao período legalmente establecido ata o paso da obra a dominio público, conforme á lexislación da propiedade intelectual.

4. Obrigas da USC

4.1. A USC, en virtude do presente Contrato, adquire o dereito, pero non a obriga, de poder difundir a Tese de Doutoramento a través de Internet ou dos outros medios enumerados na Cláusula 1 anterior. A difusión, xa sexa total ou parcial, se realizará facendo constar sempre o nome e apelidos do autor da obra, o seu título e a data de aprobación.

4.2. A USC unicamente porá a disposición dos seus usuarios a Tese de Doutoramento para o seu uso privado e/ou con fins de investigación e educación, pero non garante nin asume responsabilidade ningunha para a forma e maneira na que os usuarios fagan uso posterior da Tese de Doutoramento. Procurarase en todo caso que o sistema utilizado para a visualización da obra sexa tal que o contido poda ser examinado pero non ser modificado.

4.3. As partes recoñecen e acordan que a USC non ten intención de



censurar nin revisar a exactitude e adecuación da Tese de Doutoramento, nin poderá ser obrigada a facelo; en consecuencia será, en todo caso, o autor o responsable do contido da Tese de Doutoramento, así como de calquera supervisión da adaptación dela a través de Internet.

5. Obrigas do autor

5.1. O autor deberá indicar inmediatamente á USC calquera erro ou incidencia da que teña coñecemento en relación coa Tese de Doutoramento co obxecto de que a USC, poida actuar en consecuencia.

6. Propiedade Intelectual

6.1. A titularidade dos dereitos morais e explotación da propiedade intelectual sobre a Tese de Doutoramento pertence e seguirá pertencendo ao autor. A USC adquire unicamente os dereitos que especificamente figuren neste Contrato, e en particular os que se especifican na Cláusula 1.

6.2. Polo tanto, quedan excluídos deste Contrato e reservados ao autor, cantos dereitos lle correspondan en relación a modalidades de uso da Tese de Doutoramento non previstas na cláusula primeira, ou que se efectúen en forma e condicións distintas ás expresamente indicadas nesta cláusula.

6.3. Cada unha das partes informará inmediatamente á outra de calquera infracción dos dereitos de propiedade intelectual dos que tivera coñecemento.

7. Cesión do Contrato

Este Contrato vincula á USC e ao autor, e aos seus lexítimos sucesores.

8. Extinción do Contrato

8.1. O contrato finalizará polo transcurso do tempo sinalado para a súa duración na anterior Cláusula 3, sen prexuízo de que cada unha das partes poida instar á rescisión deste Contrato no caso que a outra parte incumpra calquera das obrigas derivadas do mesmo. Así mesmo poderase proceder á resolución contractual por mutuo acordo.

8.2. Coa finalización do contrato producirase o cesamento inmediato na utilización dos dereitos cedidos.

8.3. En caso de incumprimento de obrigas establecidas neste documento por calquera das partes, a parte que se considere prexudicada poderá instar á rescisión do contrato e á inmediata cesación na tenencia e explotación dos



dereitos obxecto do mesmo, sen prexuízo da reclamación por danos e prexuízos e cantas demais accións legais puidieran corresponderlle.

9. Xurisdición e lei aplicable

O presente documento rexeráse de conformidade coa lexislación española en todas aquelas situacións e consecuencias non previstas en forma expresa no presente contrato e, en concreto, de acordo coas prescricións da lexislación española sobre propiedade intelectual vixentes (RDL 1/996, de 12 de abril) e demais lexislación aplicable.

En caso de xurdir algunha discrepancia no alcance, interpretación e/ou execución do presente contrato, as partes sométense á competencia dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela e os seus superiores xerárquicos, con expresa renuncia ao seu foro, de ser este diferente.

En proba de conformidade, as partes firman o presente Contrato, por duplicado, e para un único efecto, no lugar e data indicados na cabeceira.

Firma do Autor:

A USC:

D. Senén Barro Ameneiro, Reitor
(Por R.Reitoral do 20/01/2009 de
delegación de sinatura)

Director do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e
Formación Continua



ANEXO I

Formulario cos datos da tese

Datos do autor da tese:

| | | | |
|----------------------------|--|-----|--|
| Don/a | | | |
| Enderezo (rúa, nº,piso) | | | |
| Localidade | | CP | |
| Correo electrónico | | Tel | |

Título da tese de doutoramento:

| | |
|------------------|--|
| | |
| Data da defensa: | |

O autor fai constar por escrito, baixo a súa exclusiva responsabilidade, que o exemplar que se entrega para a súa difusión dixital é copia íntegra e exacta do orixinal que se leu e aprobou na súa data para a obtención do grao de doutor.

Firma Autor:



ANEXO II

Instrucións exemplar electrónico

O exemplar da tese entregárase en formato PDF de Adobe. Este ficheiro pódese xerar a partir doutros documentos creados en formatos diferentes (Word, Latex, Html, etc.), converténdoo a PDF

A etiqueta do soporte informático onde veña a tese deberá conter o nome e apelidos do autor, o seu DNI e o título da tese

Seguridade

Os ficheiros entregáranse desprotexidos, sen clave de acceso ou impresión. No intre no que a USC incorpore ditos ficheiros a TESEO aplicaráselle unha clave de seguridade que protexerá o documento:

Número e lonxitude

Inda que é preferible un só documento en PDF, se a tese é grande, recoméndase partir a en ficheiros para facela máis manexable (menor tempo de descarga por Internet). Os ficheiros deben partirse en fragmentos inferiores a 10Mb aproximadamente. Pode haber tantos ficheiros como faga falta.

Outros ficheiros

Se unha Tese de Doutoramento leva asociados outros ficheiros (imaxes, programas de ordenador, información multimedia), tamén se poden facilitar xunto cos ficheiros pdf. Débese ter en conta que o usuario final pode non ter os programas adecuados para ler estes ficheiros, polo tanto deberían ser formatos coñecidos (imaxes, programas para Windows ou MS-DOS, sons, etc.).

O autor comprométese –se fose preciso– a facilitar unha descrición do software e aplicacións usados para crear o documento dixital, incluíndo unha lista dos ficheiros e o seu tamaño, así como copia das licencias de uso do software de terceiros, que será reproducido, distribuído e usado coa tese e permiso por escrito para distribuír software de terceiros. No caso de incluír outras aplicacións (vídeo clip, rexistros sonoros, vídeos, aplicacións multimedia, etc.) o autor garante obter todos os permisos para que a USC reproduza e distribúa calquera software de terceiros necesarios para acceder, visualizar ou imprimir dita tese. Se os mencionados permisos non están suficientemente garantidos, a USC resérvase o dereito de rexeitar a difusión da tese.